

CONSELLOS A TER EN CONTA Á HORA DE DOAR XOGUETES

- Compartir e reciclar xoguetes xera conciencia sobre a importancia de doar cousas que xa non se usan. Neste senso, é positivo cos pais e as nais realicen esta tarefa cos seus fillos e fillas , seleccionando xoguetes que, despois dun tempo sen usalos e antes de que se rompan, poidan ser aproveitados por outras persoas.
- Se son os propios nenos/as os que entregan as súas cousas nos puntos de recollida que existen, aprenderán moito máis sobre compartir e solidarizarse con outros/as nenos/as que non teñen as mesmas posibilidades.
- Hai que ser conscientes de que non se poden regalar xoguetes rotos ou estropeados, por elo, é importante ensinalles ós/ás nenos/as o hábito de coidar os xoguetes para que se poidan conservar e regalar máis tarde a outros/as nenos/as.
- Á hora de doar xoguetes, debemos de ter en conta o seguinte:
 - ✓ *Todo o que se doe debe de estar en bo estado e conservar todas as pezas precisas para xogar.*
 - ✓ *De ser posible, os xoguetes deben estar nas súas caixas orixinais e conter as instrucións.*
 - ✓ *Os xoguetes rotos, aínda que funcionen, poden ser perigosos para outros/as nenos/as .Éstes deben ser reciclados directamente.*
 - ✓ *Os pais e as nais poden axudar a facer a selección para reciclar. É un bo momento para compartir cós/as fillos/as*
 - ✓ *Se o xoguete usa pilas e están gastadas, estaríamos moi agradecidos de que sexan cambiadas por outras que funcionen.*
 - ✓ *No caso de que o xoguete sexa un peluche ou boneco/a con roupa e ésta estea sucia,será convinte lavallo.*

MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN



